

F. Para as subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, 100.000 euros.

G. Para as subvencións á mellora técnica de estudos de gravación, 50.000 euros».

Debe dicir:

«5. O importe global máximo previsto no punto anterior distribuírse entre as referidas modalidades de subvención, asignándose-lles as seguintes contías máximas:

A. Para as subvencións á actividade escénica, 1.290.000 euros.

B. Para o programa Crédito-cultura, 30.000 euros.

C. Para as subvencións á promoción e difusión de traballos discográficos, 100.000 euros.

D. Para as subvencións á distribución, 380.000 euros.

E. Para as subvencións a salas de teatro e artes escénicas privadas, 160.000 euros.

F. Para as subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, 90.000 euros.

G. Para as subvencións á mellora técnica de estudos de gravación, 50.000 euros».

*Corrección de erros.-Resolución do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega e se convocan para o ano 2010.*

Advertido erro na dita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 65, do xoves 8 de abril de 2010, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 5.302, no artigo 2.1º, onde di: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 350.000 euros, orzado na aplicación 11.A1.432B.770.0, dos cales 150.000 euros corresponden á anualidade de 2010 e 200.000 euros á de 2011», debe dicir: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 350.000 euros, orzado na aplicación 11.A1.432B.770.0, dos cales 125.000 euros corresponden á anualidade de 2010 e 225.000 euros á de 2011».

*Corrección de erros.-Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega e se convocan para o ano 2010.*

Advertido erro na dita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 73, do martes, 20 de abril de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 6.192, no artigo 2.1:

Onde di: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 500.000 euros, orzado na aplicación 11.A1.432B.770.0, dos cales 250.000 euros corresponden á anualidade de 2010 e 250.000 euros á de 2011».

Debe dicir: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 450.000 euros, orzado na aplicación 11.A1.432B.770.0, dos cales 200.000 euros corresponden á anualidade de 2010 e 250.000 euros á de 2011».

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 7 de abril de 2010 pola que se resolve a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 3 de febreiro de 2010.*

Por Orde do 3 de febreiro de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 36, do 23 de febreiro, convocouse a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Facenda que se detalla no anexo desta orde.

De conformidade co establecido nos artigos 17.4º e 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normativa vixente, esta consellería

*DISPÓN:*

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública efectuada por Orde desta Consellería do 3 de febreiro de 2010 e designar o funcionario cuxos datos se sinalan no anexo desta orde, para ocupar o posto que tamén se especifica.